

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

1.- Só se pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite en primeiro lugar. O seu incumprimento determinará a perda dos dereitos de prioridade que lle correspondan.

2.- O alumnado matriculado neste curso 2012-2013, ten garantida a permanencia no centro ata o remate da Educación Primaria, polo que **non ten que volver a formalizar matrícula**. Non obstante, debe manifestar expresamente mediante escrito dirixido á dirección do centro:

- A necesidade de utilizar o servizo complementario de **transporte**, durante o **mes de maio de cada ano**, segundo o artigo 6 e a disposición adicional segunda da Orde do 12 de marzo de 2013.
- A petición de cambio na opción elixida durante este curso de Relixión ou Atención Educativa.
- Os cambios de domicilio e/ou de teléfono.
- De solicitar outro centro distinto para o seguinte ano académico, deberá comunicárnolo, ao mesmo tempo, entregando en secretaría unha copia da solicitude.

3.- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude noutro distinto deberá comunicar por escrito a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.

4.-Este centro está adscrito aos IES de Pontepedriña e Sar.

5.-As áreas limítrofes de centros públicos son: Lamas de Abade, Cardeal Quiroga Palacios, Pío XII, López Ferreiro, Apóstolo Santiago e Monte dos Postes.

6.-Servizos que oferta o centro:

1)**TRANSPORTE** escolar gratuito da Consellería de Cultura, Educación e O.U., con acompañante.

Normas de aplicación:

a) Artigo 6 da Orde 12 de marzo de 2013.

Non terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponde por zona de influencia (Excepcionalmente terán dereito as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso)

b) Punto 2 da disposición adicional segunda da mesma orde mencionada: O alumnado que non teña que formalizar matrícula, debe solicitar ao centro o servizo de transporte, por escrito, ao longo do mes de maio.

c) Decreto 203/1986: Terá dereito ao servizo de transporte o alumnado que teña o seu domicilio a unha distancia do centro superior aos dous Km.

d) As solicitudes de uso excepcional realizaranse anualmente a través de dirección e, de ser concedidas, serán para cada curso escolar, sempre que non sexa preciso asignar as prazas ao novo alumnado con dereito preferente. O feito de obter praza non lle outorga ao beneficiario dereito ningún no futuro.

II) **SERVIZO DE MADRUGADORES** de 7:30 a 9:00 (Xestionado polo Concello de Santiago)

III) **SERVIZO DE XANTAR** de 14:00 a 16:30 (Xestionado polo Concello de Santiago)

Lembren que os servizos de madrugadores e xantar deben solicitalos na Concellaría de Educación do Concello de Santiago, cando saia a convocatoria correspondente.

IV) **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** de 16:30 a 18:30 (xestionadas pola ANPA)